



Protección para os glaciares

Estas paisaxes naturais de Galicia son das máis significativas dentro da Península Ibérica

REDACCIÓN

Os participantes nas Xornadas Ciencia e Territorio, organizadas por sétimo ano consecutivo polos Departamentos de Ciencias Sociais e Ciencias Naturais do IES Melide, e polo movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega, resaltan nas súas conclusións que é necesario protexer os glaciares galegos pois son dos máis singificativos dentro da Península Ibérica. Estas xornadas estiveron centradas en Manzaneda, e máis en concreto no contorno do encoro de Cenza e na parroquia de Chaguazoso, en Vilaríño de Conso.

O glaciar de Cenza é un dos máis singulares, non xa só a nivel galego, senón tamén se se analiza o conxunto das pegadas glaciares de toda a Península. Particularmente, en Chaguazoso –a segunda aldea máis alta de Galicia despois de Cepedelo, en Viana do Bolo– pode observarse un complexo morrénico de singular importancia, extremadamente útil, ademais, desde a perspectiva didáctica.

Entre as conclusións deste encontro, sulíñouse que Galicia é un país rico en pegadas glaciares. Desde esta óptica, faise necesaria a sinalización de tales pegadas, o deseño de rutas sobre o glaciario e a elaboración de materiais asequibles tamén para as persoas non iniciadas. Particularmente, sería preciso poñer en marcha medidas de protección que impidan o seu deterioro.

As Xornadas puxeron en evidencia que a ciencia xeolóxica está aínda en construción en Galicia. Porén, as perspectivas sobre o seu desenvolvemento son optimistas na actualidade.

Despois dos tres días de traballo de campo, o ensino de butaca semella ter menos sentido aínda. O alumnado debe aprender sobre todo a partir da experimentación e da interacción co medio. Desaproveitar os recursos didácticos que o medio nos ofrece semella un grande contrasentido.

O traballo provocou nos asistentes a sensación de que é preciso revisar os conceptos científicos que son transmitidos de ordinario na aula.

Os libros de texto ignoran as máis das veces a realidade próxima ao alumnado, e a realidade de galega en xeral. Esta asevera-



ción faise máis evidente aínda na cuestión das pegadas do glaciario.

Considérase necesaria a realización de actividades de formación do estilo das Xornadas Ciencia e Territorio, fundamentalmente por dúas razóns. Por unha parte, o traballo práctico de campo provoca que se perciba na realidade aquilo que nos libros só aparece de maneira teórica. Por outra, e como consecuencia da anterior, a asistencia a este tipo de actividade mellorará, sen dúbida, o traballo didáctico na aula.

Particularmente, os participantes reflexionaron sobre a proliferación de actividades de formación on-line e sobre a prácticamente nula oferta de actividades de formación práctica que inclúa traballo de campo. Aínda considerando as pri-

meiras moi útiles, semella un contrasentido que os Centros de Profesorado e a propia Administración esquezan as segundas. A formación en horario lectivo, por outra parte, segue considerándose por parte dos asistentes como unha necesidade evidente.

Resulta particularmente gratificante a relación humana que se establece en tres xornadas intensas de traballo. Os asistentes manifestaron na posta en común final, e por práctica unanimidade, o seu desconcerto polo feito de que a actividade de formación se desenvolve sen ningún tipo de axuda oficial. Os participantes nas actividades manifestaron tamén o seu compromiso para continuar aprofundando no traballo de campo, en sucesivas actividades de formación semellantes, sobre os recursos didácticos que nos ofrece o medio.



Os participantes visitaron Chaguazoso e o seu lago e Manzaneda. Abaixo, explicacións no Caurel. FDV

